



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Resolución definitiva de adxudicación de prazas do Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós. Curso 2026-2027

EXPEDIENTE: 2026/S012/000004

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2026 aprobáronse as Bases e convocatoria do Servizo de Comedor Escolar da Escola de Educación Infantil de Coirós para o curso 2026/2027, nas que se establecen os requisitos de acceso, documentación, procedemento de admisión, criterios de valoración e demais condicións aplicables.

As bases establecen un total de 40 prazas para o curso 2026/2027, correspondendo ao Concello de Coirós a selección e admisión das persoas usuarias do servizo.

Segundo.- De conformidade coa base 7 da convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes estendeuse do 1 ao 15 de xullo de 2026.

Finalizado o prazo, procedeuse á revisión das solicitudes e da documentación presentada, así como á comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases.

Terceiro.- Consta no expediente a Proposta técnica de baremación das solicitudes presentadas para o Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós para o curso 2026/2027, emitida pola Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar, Paula Meda Martínez, segundo a cal foron presentadas 26 solicitudes, reunindo todas elas os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

Así mesmo, na citada proposta determinouse o importe diario que corresponde aboar a cada persoa usuaria, de conformidade coa baremación efectuada e coa Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós.

Cuarto.- Mediante Resolución da Alcaldía, de data 28 de xullo de 2026, aprobouse provisionalmente a adxudicación das 26 prazas solicitadas, así como a relación provisional de persoas adxudicatarias e o importe diario correspondente a cada persoa usuaria.

A listaxe provisional foi publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal o día 1 de agosto de 2026, concedéndose ás persoas interesadas, de conformidade coa base 8 da



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

convocatoria, un prazo de cinco días naturais, contado desde o día seguinte ao da publicación, para a presentación de alegacións.

Quinto.- Transcorrido o prazo establecido non se presentaron alegacións á listaxe provisional, segundo consta no informe emitido pola técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar, Paula Medal Martínez, con data do 10/08/2026, polo que procede elevar a definitiva a adxudicación das prazas e os importes correspondentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- As Bases e convocatoria do Servizo de Comedor Escolar da Escola de Educación Infantil de Coirós para o curso 2026/2027, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía, e particularmente a súa base 8, relativa ao procedemento de admisión, publicación da listaxe provisional, presentación de alegacións e aprobación da listaxe definitiva.

Segundo.- A Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 159, do 22 de agosto de 2025, en canto á determinación das tarifas e, de ser o caso, das reducións ou bonificacións aplicables.

Terceiro.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto á tramitación e resolución do procedemento.

Cuarto.- O Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no relativo ao tratamento e publicación dos datos persoais das persoas interesadas.

Á vista dos antecedentes expostos, da documentación que consta no expediente e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar definitivamente a adxudicación das 26 prazas do Servizo de Comedor Escolar da Escola de Educación Infantil de Coirós para o curso 2026/2027, ao reunir as persoas solicitantes os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

Segundo.- Aprobar definitivamente a relación de persoas adxudicatarias e o importe diario que corresponde aboar por cada persoa usuaria, determinado de conformidade coa baremación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

efectuada e coa Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do Servizo de Comedor Escolar do Concello de Coirós, segundo a relación que figura como Anexo I da presente resolución.

Terceiro.- Dispoñer a publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, de conformidade co establecido na base 8 da convocatoria.

Para os efectos da súa publicación, as persoas solicitantes identificaranse mediante o nome e apelidos do titor ou titora e catro díxitos numéricos aleatorios do seu DNI, xunto co custo diario adxudicado, sen facer públicos datos económicos, puntuacións desagregadas, datos relativos á saúde ou calquera outra información especialmente protexida ou innecesaria para a finalidade da publicación.

Cuarto.- Comunicar a presente resolución aos servizos municipais competentes para os efectos da organización, xestión económica e posta en funcionamento do Servizo de Comedor Escolar da EEI de Coirós durante o curso 2026/2027.

Quinto.- Facer constar que a presente resolución pon fin ao procedemento administrativo de adxudicación das prazas para o curso 2026/2027, sen prexuízo das altas, baixas ou modificacións que poidan producirse durante o curso nos termos previstos nas bases reguladoras e na normativa municipal aplicable.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde accidental Juan Carlos Garcia Barreiro (delegación por Resolución núm. 217/2026 do 25.07.2026). Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DO SERVIZO DE COMEDOR

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	DNI/NIE	PREZO DO XANTAR / DÍA €
2026/S013/000002	J.A.S.G.	***0018**	0
2026/S013/000003	J.A.S.G.	***0018**	0
2026/S013/000004	G.G.F.	***0316**	1,10
2026/S013/000005	V.E.T.	***0862**	1,10
2026/S013/000006	A.P.C.	***2204**	0
2026/S013/000007	C.B.V.	***6785**	3,74
2026/S013/000008	M.B.B.	***0630**	3,74
2026/S013/000009	M.S.G.	***4063**	2,20
2026/S013/000010	L.M.G.	***5473**	3,74
2026/S013/000011	R.P.F.	***7796**	1,76
2026/S013/000012	R.P.F.	***7796**	1,76
2026/S013/000013	A.R.M.	***7825**	4,40
2026/S013/000014	L.S.P.	***3732**	2,20
2026/S013/000015	T.T.M.	***5432**	2,20
2026/S013/000016	M.E.V.C.	***8199**	4,18
2026/S013/000017	P.C.P.	***4281**	4,18
2026/S013/000018	A.L.R.	***7467**	2,99
2026/S013/000019	A.P.O.	***0170**	4,40
2026/S013/000020	L.F.R.	***8602**	0
2026/S013/000021	V.F.R.	***0954**	2,20
2026/S013/000022	L.E.P.	***4033**	3,74
2026/S013/000023	M.A.B.V.	***1603**	3,74
2026/S013/000024	M.A.G.N.	***8902**	0
2026/S013/000025	M.P.V.	***3577**	0
2026/S013/000026	M.G.V.	***0617**	4,40
2026/S013/000027	J.L.L.	***5311**	4,18